

Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería de Facenda e Administración Pública para que resolva expresamente a solicitude presentado pola persoa promotora desde expediente, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: A.11.Q/15434/23

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2024

Sr. conselleiro:

Ante esta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX, con DNI XXX, referente ás retribucións dos funcionarios en prácticas do proceso selectivo da orde do 22 de novembro de 2019 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2.

Á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A persoa interesada, no seu escrito de queixa, en esencia, manifesta:

El 31/03/2023 presenté una reclamación de retribuciones complementarias ante la Dirección General de Función Pública de la Xunta de Galicia aún sin contestar a día de hoy después de 7 meses.

Solicito inste a su contestación.

SEGUNDO.- Por informe da Dirección Xeral da Función Pública, do 4 de agosto, se indica:

XXX é persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, actualmente en situación de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público:

No DOG núm.28, do 9 de febreiro de 2023 publícase a Resolución do 7 de febreiro de 2023 pola que se regula o período de prácticas das persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso, pola que queda de acceso libre, no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Orde do 22 de novembro de 2019.

As bases da convocatoria do proceso selectivo para o ingreso, pola queda de acceso libre, no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, recollidas na Orde do 22 de novembro de 2019 (DOG núm. 224, do 25 de novembro), sinalan:

“III. Período de prácticas.

III.1 As persoas aspirantes que superen a fase de oposición con mellor orde de prelación, ata un número igual ao de prazas convocadas, realizarán un curso selectivo que, igualmente, deberán superar con aproveitamento como requisito indispensable para obter o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

III.2 O curso selectivo terá unha duración dun (1) mes e regularase por resolución ditada ao efecto.

III.5 Unha vez rematado o curso selectivo e ata que se proceda ao seu nomeamento como persoal funcionario de carreira, as persoas aspirantes continuarán prestando servizos como persoal funcionario en prácticas”.

En cumprimento do disposto nas bases do proceso selectivo, no DOG núm. 28, do 9 de febreiro, publicouse a Resolución do 7 de febreiro de 2023 pola que se regula o período de prácticas das persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo na que se indica:

“Terceiro. Destinos en prácticas

Os destinos en prácticas serán os obtidos como consecuencia da adxudicación de prazas derivada da elección de destino convocada pola Resolución do 19 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 17, do 25 de xaneiro).

A relación de prácticas non comporta en ningún caso o desempeño dun posto de traballo.”

En consecuencia, tal e como consta nas bases da convocatoria e na resolución pola que se adxudican destinos aos aspirantes, o obxectivo do período de prácticas e do desenvolvemento das tarefas propias do posto é:

-a familiarización coas funcións asignadas ao posto que desempeñarán os futuros funcionarios de carreira- e a aplicación á realidade cotiá do traballo administrativo e ao funcionamento da organización dos coñecementos adquiridos así como a preparación das persoas aspirantes para o manexo de paquetes ofimáticos.

En todo caso, hai que lembrar que, mentres o período de prácticas non estea superado, os aspirantes prestan os seus servizos como persoal funcionario en prácticas e non como persoal funcionario de carreira .

ANÁLISE

Primeiro.- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Así, a queixa presentada pola persoa interesada debería ter sido tramitada, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación

Cómpre sinalar que o art.21.5 prevé o seguinte: “Cando o número das solicitudes formuladas ou as persoas afectadas puidesen supoñer un incumprimento do prazo máximo de resolución, o órgano competente para resolver, a proposta razoada do órgano instrutor, ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, a proposta deste, poderán habilitar os medios persoais e materiais para cumprir co despacho adecuado e en prazo.”

E o 21.6: “O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo”

Segundo.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta do órgano autonómico competente ante a queixa presentada por unha persoa empregada pública, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

Terceiro.- A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración, no seu artigo 2, Calidade dos servizos públicos, ⁷ di en relación á cidadanía en xeral:

A cidadanía ten dereito a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.

E no artigo 3: “A cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido...”

No artigo 4.Principios, sinala:

Con carácter xeral, a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico en xeral rexeranse polos principios de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade aos cidadáns, coordinación e cooperación con outras administracións públicas.”

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese organismo o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo, a consellería debe resolver expresamente a solicitude presentado pola persoa promotora desde expediente, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo